



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo de Fin de Grao

Materia	Traballo de Fin de Grao			
Código	V01G180V01991			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Alemán Francés Inglés Outros			
Departamento				
Coordinador/a	Bringas López, Ana María			
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	Co traballo de fin de grao (TFG) o alumnado debe demostrar adquirir as habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo de investigación sobre os contidos do grao, a través da aplicación dunha metodoloxía científica apropiada.			

Competencias de titulación

Código	
A2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz
A3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao
A11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva
A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
A13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada
B1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo

B2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Non se describiron competencias específicas nesta materia non recollidas nas competencias xerais.	A2	B1
	A3	B2
	A5	B3
	A6	B4
	A8	
	A9	
	A10	
	A11	
	A12	
	A13	

Contidos

Tema	
Estrutura	A estrutura do TFG pode seguir distintos modelos e será a director/a quen aconselle en cada caso a estrutura máis axeitada ao tema do traballo.
Pautas de redacción e presentación	<p>O TFG poderá ser redactado e presentado en calquera das linguas estranxeiras do grao (inglés, alemán, francés, portugués). A lingua da redacción e presentación dependerá do tema do traballo.</p> <p>O TFG terá unha extensión de entre 3.000 e 5.000 palabras, incluídas as notas e a bibliografía.</p> <p>Non se prescribe un sistema de citación específico para as referencias bibliográficas. Cada director/a poderá recomendar o sistema que considere máis axeitado e este deberase empregar de xeito coherente e seguindo normas académicas.</p> <p>O TFG deberá ser entregado en formato impreso (3 copias) e en PDF. Recoméndase a impresión a dobre cara.</p> <p>Na portada no TFG deberá incluírse: Grao Universitario en Linguas Estranxeiras (Facultade de Filoloxía e Tradución - Universidade de Vigo), o título completo do TFG, o nome da autor/a e o da director/a, e a data de presentación.</p>
Defensa oral	<p>Consonte o Regulamento do Traballo de Fin de Grao vixente na Facultade de Filoloxía e Tradución, a defensa oral é obrigatoria. Constará dunha exposición por parte da autor/a do traballo (máx. 10 minutos), seguida dos comentarios do tribunal (máx. 15 minutos), que a autor/a deberá contestar brevemente.</p> <p>A lingua da defensa oral será a mesma cá lingua de redacción do traballo.</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos tutelados	5	139.5	144.5
Presentacións/exposicións	0.5	5	5.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos tutelados	A/O estudante, de maneira individual, realiza unha investigación sobre os contidos do grao, a través da aplicación dunha metodoloxía científica apropiada, baixo a supervisión dun/ha director/a.
Presentacións/exposicións	Defensa oral do traballo elaborado perante un tribunal composto por tres docentes do grao.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Traballos tutelados A/O estudante contará coa supervisión da/do docente responsábel da liña de investigación sobre a que versa o traballo. A/O director/a do traballo ofrecerá asesoramento sobre cuestións teóricas e metodolóxicas, así como pautas para a defensa oral do traballo.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Avaliarase o rigor académico do estudo presentado, a súa fundamentación teórica e o seu deseño metodolóxico, así como a capacidade crítica da/do estudante e os resultados obtidos. Igualmente, avaliarase a adecuación da presentación escrita ás normas académicas.	80
Presentacións/exposicións	Avaliarase o rigor académico da defensa oral. Para a defensa poderase empregar un pequeno guión ou material de soporte visual (presentación en PowerPoint ou OpenOffice Impress), pero en ningún caso a presentación oral poderá consistir na mera lectura dese material.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

No caso de non superar a materia na 1ª edición de actas, a/o estudante recibirá un informe coas recomendacións oportunas do tribunal avaliador para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación en vindeiras edicións.

Calquera plaxio identificado será motivo de suspenso do TFG. Entenderase por plaxio calquera cita literal (curta ou longa) presentada como propia (i.e., sen comiñas e sen referencia da autoría) ou calquera apropiación das ideas ou metodoloxía dun/ha autor/a que non se mencione nas referencias, sexa cal for a súa procedencia (un traballo individual ou colectivo, unha publicación impresa ou un documento electrónico ou de uso restrinxido, páxina web, ou traballo que se está levando a cabo por parte dalgún/a compañeiro/a etc).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía recomendada

Castelló, Montserrat e Christiane Donahue, eds. (2012): *University Writing*. Bingley: Emerald. [libro electrónico, dispoñíbel só dende Uvigo]

Gibaldi, Joseph (2009): *MLA Handbook for Writers of Research Papers*. 7ª ed. Nova York: Modern Language Association of America.

Griffith, Kelley (2006): *Writing Essays About Literature: A Guide and Style Sheet*. 7ª ed. Boston: Thomson/Wadsworth.

Servei de Biblioteques i Documentació de la Universitat Politècnica de Catalunya, *Cómo presentar un trabajo académico*. <http://bibliotecnica.upc.edu/es/content/como-presentar-un-trabajo-academico> (11 xuño 2013).

Servicio de Biblioteca de la Universidad de La Laguna, *Cómo elaborar un trabajo*. http://www.ull.es/view/institucional/bbtk/Como_elaborar_un_trabajo/es (11 xuño 2013).

The Writing Center. College of Arts & Sciences. The University of Carolina at Chapel Hill, "Plagiarism". <http://writingcenter.unc.edu/handouts/plagiarism/> (11 xuño 2013)

Walker, Melissa (1992): *Writing Research Papers*. New York: WW Norton & Co Inc.

Warburton, Nigel (2007): *The Basics of Essay Writing*. Oxford: Routledge.

Recomendacións